

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DE SERVIZOS DA ESTRUTURA FLOTANTE PARA ACTIVIDADES NAÚTICO-DEPORTIVAS NA ZONA DO PARROTE NO PORTO DA CORUÑA.

A Coruña, 1 de agosto de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte Martín Fernández Prado, na súa condición de presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, actuando no seu nome e representación, en uso das facultades que ten atribuídas, en virtude da Orde da Consellería do Mar do 20 de novembro de 2020 pola que se dispón o seu nomeamento e en función das atribucións que ten conferidas no artigo 31 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Interven en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que a cada unha lle están conferidas, se recoñecen mutuamente capacidade xurídica e de obrar suficientes para subscribir o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que con data 21 abril de 2023 asinouse o convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña para la redacción do proxecto e execución da obra "Estrutura flotante na zona do Parrote do Porto da Coruña para a realización de actividades náutico-deportivas". Ditas obra atópanse en execución.

II. Que as actividades que se van a desenvolver no entorno da estrutura flotante, requiren dispoñer de espazos en terra que permitan dar cobertura ás mesmas. Polo que se considera necesario complementar a estrutura cun pequeno edificio que, entre outras, dispoña dun almacén para pequenas embarcacións, duchas, zona de aseos, zona para persoal de socorrismo e incluso unha zona para servizo de hostalaría.

III. Que a Autoridade Portuaria da Coruña elaborou o "Proxecto de execución dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote do Porto da Coruña" cun orzamento de execución de 378.016,40 €, IVE non incluído.



AM



IV. As partes asinantes consideran que o edificio é necesario para completala oferta de actividades que permitirá levar a cabo a estrutura flotante, e que o mesmo contribúe á integración urbana da fachada marítima na cidade da Coruña e á apertura do porto á cidadanía.

Dada a importancia que para a Xunta de Galicia ten contribuír na integración urbana da fachada marítima da cidade da Coruña considérase que concorren os requisitos previstos no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, de subvencións, para xustificar a concesión, con carácter excepcional dunha subvención para o desenvolvemento do “Edificio de servizos complementario á estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote do Porto da Coruña”

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e finalidade

O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote, porto da Coruña

O edificio dunha única planta cunha superficie pechada construída de 191,40m², estrutura de formigón prefabricado e acabado en madeira exterior terá os seguintes usos:

- Almacén para pequenas embarcacións, con acceso directo ao exterior.
- Local cun pequeno almacén.
- Vestiarios: feminino, masculino e adaptado (con ducha incorporada) con inodoros e cambiadores.
- Duchas exteriores.
- Ampla terraza con vistas ao mar.

O orzamento necesario para a construción do edificio estimase en 378.016,40 € IVE non engadido.

Segunda. Actuacións e gastos subvencionables

Son subvencionables as actuacións dirixidas á execución do proxecto de execución dun edificio de servizos da estrutura flotante para actividades náutico-deportivas na zona do Parrote do Porto da Coruña, así como as asistencias técnicas asociados ó desenvolvemento das obras.

Terceira. Compromisos da Autoridade Portuaria da Coruña

1. Achegar o proxecto construtivo do edificio de servizos á Axencia Galega de Infraestruturas para que dean a súa conformidade ao mesmo.



2. Contratar, executar, dirixir e recibir ás obras do edificio proxectado cumprindo os condicionantes recollidos no convenio, na lexislación correspondente e, nomeadamente, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, serán da súa competencia e responsabilidade a consecución de todas as autorizacións que resulten preceptivas, entre outras:

- Proxectos de obra.
- Permisos e licenzas.
- Direccións facultativas e de seguridade e saúde.

3 Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.

4. Asumir as obrigas de conservación e mantemento do edificio derivadas da súa titularidade.

5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a autoridade portuaria asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.


6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

9. A autoridade deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas– Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:





Cuarta. Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras, destinando para iso ata un máximo de **trescentos setenta e oito mil dezaseis euros con corenta céntimos (378.016,40 €)** con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.703.0, código de proxecto 2025 00003, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

- Ano 2025: 100.000,00 €
- Ano 2026: 278,016,40 €

Quinta. Xustificación e pagamento

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, sen exceder da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A Autoridade Portuaria de Coruña xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación do órgano competente da autoridade portuaria de aprobación da conta xustificativa na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.

PRESIDENTA



- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.

1. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante os anos 2025 e 2026.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.

Sexta. Seguimento e control.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante da Autoridade Portuaria da Coruña.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima. Natureza do convenio.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Oitava. Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 37.2 letra c) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, as achegas económicas previstas neste convenio serán incompatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.



Novena. Revogación, reintegro e resolución.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Autoridade Portuaria da Coruña nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

Décima. Publicidade.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Undécima. Vixencia do convenio.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento na data sinalada.

A Presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

María Martínez Allegue



O presidente da Autoridade Portuaria
da Coruña

Martín Fernández Prado

